

Venres, 5 de decembro de 2025

Núm. 234

# ADMINISTRACIÓN LOCAL

## MUNICIPAL

### REDONDELA

#### Persoal, oposicións

*BASES ESPECÍFICAS DOS PROCESOS SELECTIVOS INCLUÍDOS NAS OFERTAS PÚBLICAS  
DE EMPREGO DOS ANOS 2023-2024*

*BASES ESPECÍFICAS QUE REGULAN A CONVOCATORIA DE PROCESOS SELECTIVOS PARA  
CUBRIR PRAZAS VACANTES DE PERSOAL FUNCIONARIO E LABORAL NO CONCELLO DE  
REDONDELA*

A Xunta de Goberno Local do Concello de Redondela na sesión que tivo lugar o día 11/11/2025 adoptou o seguinte acordo:

**-PRIMEIRO:** Aprobar as bases específicas dos procesos selectivos que se convocan para cubrir as seguintes prazas de persoal funcionario e laboral fixo incluídas nas Ofertas de Emprego Público dos anos 2023 e 2024:

1) PERSOAL FUNCIONARIO:

- DÚAS prazas de persoal funcionario de carreira denominadas AUXILIAR DA ADMINISTRACIÓN XERAL, a tempo completo, encadradas dentro da escala de Administración Xeral, subescala Auxiliar, integradas no grupo C, subgrupo C2, polo sistema de oposición libre (OPE 2023).
- UNHA praza de persoal funcionario de carreira denominada OFICIAL DE OBRAS E SERVIZOS, a tempo completo, encadrada dentro da escala de Administración Especial, subescala Servizos Especiais, clase Persoal de Oficios, categoría Oficial, integrada no grupo C, subgrupo C2, polo sistema de oposición libre (OPE 2023).
- DÚAS prazas de persoal funcionario de carreira denominadas OFICIAL DE OBRAS E SERVIZOS, a tempo completo, encadradas dentro da escala de Administración Especial, subescala Servizos Especiais, clase Persoal de Oficios, categoría Oficial, integradas no grupo C, subgrupo C2, polo sistema de oposición libre, mediante o procedemento de promoción interna (OPE 2023).
- UNHA praza de persoal funcionario de carreira denominada VIXIANTE DE OBRAS, a tempo completo, encadrada dentro da escala de Administración Especial, subescala Servizos Especiais, clase Cometidos Especiais, categoría Vixiante, integrada no grupo C, subgrupo C2, polo sistema de oposición libre (OPE 2023).



Venres, 5 de decembro de 2025

Núm. 234

## 2) PERSOAL LABORAL FIXO:

- UNHA praza de persoal laboral fixo denominada OPERARIO/A DE XARDÍNS, a tempo completo, equiparada a outras agrupacións profesionais sen requisito de titulación da función pública (Disposición adicional 6.<sup>a</sup> do Real decreto legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público), categoría Operario/a, polo sistema de oposición libre (OPE 2024).

### **-SEGUNDO:** Aprobar o funcionamento da lista de reserva dos seguintes procesos selectivos:

- DÚAS prazas de persoal funcionario de carreira denominadas AUXILIAR DA ADMINISTRACIÓN XERAL, a tempo completo, encadradas dentro da escala de Administración Xeral, subescala Auxiliar, integradas no grupo C, subgrupo C2.
- UNHA praza de persoal funcionario de carreira denominada OFICIAL DE OBRAS E SERVIZOS, a tempo completo, encadrada dentro da escala de Administración Especial, subescala Servizos Especiais, clase Persoal de Oficios, categoría Oficial, integrada no grupo C, subgrupo C2.
- UNHA praza de persoal funcionario de carreira denominada VIXIANTE DE OBRAS, a tempo completo, encadrada dentro da escala de Administración Especial, subescala Servizos Especiais, clase Cometidos Especiais, categoría Vixiante, integrada no grupo C, subgrupo C2.
- UNHA praza de persoal laboral fixo denominada OPERARIO/A DE XARDÍNS, a tempo completo, equiparada a outras agrupacións profesionais sen requisito de titulación da función pública (Disposición adicional 6.<sup>a</sup> do Real decreto legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público), categoría Operario/a.

### *BASES ESPECÍFICAS:*

#### *2 PRAZAS DE AUXILIARES DA ADMINISTRACIÓN XERAL (QUENDA LIBRE-OEP 2023):*

Os aspectos xerais non contemplados nas presentes bases e as referencias feitas ás bases xerais entenderanse referidas ás Bases Xerais que regulan a convocatoria de procesos selectivos para cubrir prazas vacantes de persoal funcionario e laboral no Concello de Redondela, que se publicaron no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) núm.: 50, do 13/03/2015, coas modificacións que se publicaron no BOPPO núm.: 77, do 22/04/2016, núm.: 25, do 08/02/2021 e núm.: 152, do 10/08/2022. As bases xerais refundidas están dispoñibles na páxina web do concello (<https://redondela.gal/gl/ayuntamiento/oferta-empleo-publico/>).



Venres, 5 de decembro de 2025

Núm. 234

**PRIMEIRA-NÚMERO DE PRAZAS E CARACTERÍSTICAS:**

Convocanse DÚAS prazas de persoal funcionario de carreira denominadas AUXILIAR DA ADMINISTRACIÓN XERAL, encadradas dentro da escala de Administración Xeral, subescala Auxiliar, integradas no grupo C, subgrupo C2 e incluídas na Oferta Pública de Emprego do ano 2023.

Estas prazas están dotadas coas retribucións básicas correspondentes ao seu grupo de titulación e as complementarias asignadas aos postos de traballo ao que se adscriban as prazas.

A Relación de Postos de Traballo (RPT) do Concello de Redondela, que se aprobou definitivamente o 31/03/2015 (Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, núm.: 83, do 05/05/2015), recolle como misión principal destes postos a de realizar tarefas auxiliares de apoio administrativo aos distintos departamentos municipais e establece como funcións principais, sen prexuízo de futuras modificacións desta RPT as seguintes:

- 1 Realizar o rexistro de entrada e saída.
- 2 Prestar apoio na xestión do portelo único da Xunta de Galicia cando se lle requira.
- 3 Realizar a atención ao público presencial e telefonicamente.
- 4 Informar sobre os trámites relativos os asuntos municipais.
- 5 Realizar tarefas auxiliares de apoio administrativo aos distintos departamentos municipais.
- 6 Realizar o apoio administrativo na xestión dos procesos de traballo de carácter administrativo, baixo a dirección dos/as respectivos/as superiores ou en base ás directrices sinaladas con carácter xeral.
- 7 Colaborar nos traballos administrativos de carácter administrativo da área, segundo a súa categoría e, en particular, nos traballos de trámite de expedientes e control destes.
- 8 Busca, rexistro, clasificación, copia e arquivo de documentos, etc.
- 9 Realizar calquera outra función, propia da súa categoría, que se considere necesaria para o correcto funcionamento do servizo adscrito.

**SEGUNDA-SISTEMA DE SELECCIÓN:**

Establécese o sistema de oposición libre.

**TERCEIRA-REQUISITOS DAS PERSOAS ASPIRANTES:**

Poderán solicitar tomar parte nesta convocatoria as persoas físicas que reúnan os seguintes requisitos:

- Estar en posesión do título de graduado en educación secundaria obrigatoria, do graduado escolar, formación profesional de primeiro grao ou equivalente ademais das condicións xerais sinaladas na base cuarta das bases xerais que regulan



Venres, 5 de decembro de 2025

Núm. 234

a convocatoria de procesos selectivos para cubrir prazas vacantes de persoal funcionario e laboral no Concello de Redondela.

#### CUARTA-EXERCICIOS DA OPOSICIÓN:

A oposición constará dos seguintes exercicios:

**Primeiro Exercicio:** De carácter obrigatorio e eliminatorio.

Consistirá en contestar por escrito a un cuestionario, tipo test, de 40 preguntas con respostas alternativas referidas ás materias contidas no temario da convocatoria durante un período de 50 minutos e determinado polo órgano de selección inmediatamente antes do inicio deste exercicio.

Neste exercicio cada resposta incorrecta penalizará a metade da puntuación de cada pregunta acertada, non puntuándose as non contestadas.

Este exercicio cualificarase de cero (0) a dez (10) puntos e será preciso acadar un mínimo de cinco (5) puntos para superalo.

O órgano de selección disporá os medios que estime oportunos para garantir o anonimato das persoas aspirantes na realización deste exercicio.

Facúltase ao órgano de selección para que poida poñer preguntas de reserva tipo test ata un máximo de catro, sen que implique a ampliación do tempo para a realización do exercicio. Estas preguntas substituirán, pola súa orde correlativa, a aquelas preguntas que, no seu caso, sexan obxecto de anulación despois da realización do exercicio.

**Segundo Exercicio:** De carácter obrigatorio e eliminatorio.

Consistirá en desenvolver por escrito, durante un prazo máximo de dúas horas, dous (2) temas da parte segunda do temario da convocatoria elixidos ao chou polo órgano de selección inmediatamente antes do inicio do exercicio e ante as persoas aspirantes.

O exercicio será lido polas persoas aspirantes en sesión pública no intre no que o determine o órgano de selección, puidendo ser inmediatamente despois da finalización deste exercicio.

O órgano de selección valorará o nivel de coñecementos dos temas, a formación xeral, a claridade, o rigor e a precisión na exposición.

Este exercicio cualificarase de cero (0) a dez (10) puntos e será preciso acadar un mínimo de cinco (5) puntos para superalo.

**Terceiro Exercicio:** De carácter obrigatorio e eliminatorio.

Consistirá nunha proba de coñecemento práctico a nivel usuario de contorno operativo Windows, manexo de ferramentas de ofimática (LibreOffice) e de utilidades básicas de internet no dito contorno (navegación, correo electrónico, etc.), no tempo que estableza o órgano de selección.



Venres, 5 de decembro de 2025

Núm. 234

Este exercicio cualificarase de cero (0) a dez (10) puntos e será preciso acadar un mínimo de cinco (5) puntos para superalo.

**Cuarto Exercicio:** De carácter obrigatorio e eliminatorio.

Sobre coñecemento do galego para aquelas persoas aspirantes que non puidesen acreditar documentalmente que posúen o CELGA 3 ou equivalente.

Consistirá en traducir do castelán para o galego, sen axuda de dicionario, nun tempo máximo de trinta (30) minutos, un texto elixido polo órgano de selección inmediatamente antes do inicio do exercicio. A tradución será lida pola persoa aspirante diante do órgano de selección ao remate do exercicio.

Neste exercicio valorarase a corrección da tradución e a pronuncia da lingua galega.

Este exercicio cualificarase como apto/a ou non apto/a.

#### QUINTA-TEMARIO DA CONVOCATORIA:

##### PRIMEIRA PARTE:

1. A Constitución de 1978. Principios básicos e estrutura. Título preliminar. Dereitos e deberes fundamentais da cidadanía española. A organización do Estado na Constitución.
2. As Cortes Xerais: Composición, atribucións, funcionamento. A elaboración das leis.
3. O Poder Xudicial. Principios básicos. A organización xudicial española. O Tribunal Supremo. O Consello Xeral do Poder Xudicial.
4. Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do Sector Público: Título preliminar. Título III.
5. Estatuto de Autonomía de Galicia. Competencias da comunidade. As competencias da Comunidade Autónoma. O parlamento. A Xunta e o seu/súa Presidente/a. A Administración Autonómica.
6. O dereito administrativo e o seu concepto. As fontes do ordenamento xurídico. A Constitución. A lei. Disposicións normativas con rango de lei. Os regulamentos. O costume. Os principios xerais do dereito. A xurisprudencia.
7. O acto administrativo: concepto, elementos e clases. Invalidez dos actos administrativos: nulidade e anulabilidade. Os recursos administrativos. Revisión de oficio dos actos administrativos.
8. O procedemento administrativo. Fases do procedemento administrativo común. O deber de resolver e notificar. Os expedientes e o seu arquivo.



Venres, 5 de decembro de 2025

Núm. 234

## SEGUNDA PARTE:

1. O Réxime Local español. A Administración local na Constitución Española. Regulación xurídica actual do réxime local. Entidades que comprende. O municipio e as súas competencias. Servizos mínimos obrigatorios. Concepto e elementos. O termo municipal. A poboación.
2. O Goberno municipal. O Pleno da Corporación. O/a Alcalde/sa. A Xunta de Goberno Local. As Comisións Informativas. Outros órganos complementarios e os grupos políticos municipais.
3. Réxime de funcionamento dos órganos colexiados locais. Convocatoria e Orde do día. Desenvolvemento das sesións. Actas e Certificacións dos Acordos.
4. O Rexistro electrónico: funcionamento. A presentación de instancias e outros documentos nas oficinas públicas. Práctica de notificacións.
5. O cadro de persoal ao servizo do concello e as relacións de postos de traballo. Aprobación. DEREITOS E DEBERES DO PERSOAL FUNCIONARIO. Situacións administrativas. Retribucións. Réxime disciplinario. Licenzas e permisos. PREVENCIÓN DE RISCOS LABORAIS: DEREITOS E OBRIGAS.
6. Licenzas de obras e comunicacións previas. Protección da legalidade urbanística. Obras sen licenza. Obras non axustadas ás condicións da licenza. Licenzas ilegais. Infraccións e sancións urbanísticas.
7. Os bens das entidades locais: clases e réxime xurídico. Os regulamentos e ordenanzas locais. Clases. Procedemento de elaboración, aprobación e vixencia.
8. Réxime xurídico dos contratos do sector público: Ámbito obxectivo e subxectivo. Especial referencia ás Administracións Públicas: Clases e características dos contratos da Lei de contratos do sector público. Procedementos de contratación. Competencias e especialidades dos órganos de contratación no ámbito local.
9. As Facendas locais. Clases de tributos locais. O orzamento xeral dos entes locais: estrutura, elaboración e aprobación.
10. A administración electrónica. Principios, réxime xurídico e desenvolvemento.
11. A protección de datos no exercicio das funcións públicas: Principios e dereitos. Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno: título i; transparencia da actividade pública.
12. A cidadanía como cliente da Administración. O estatuto da veciñanza. A atención ao público. A oficina de información e atención á cidadanía. Igualdade efectiva de mulleres e homes. Normativa de referencia. Competencias da Administración Local.



Venres, 5 de decembro de 2025

Núm. 234

**-1 PRAZA DE OFICIAL DE OBRAS E SERVIZOS (QUENDA LIBRE-OEP 2023):**

Os aspectos xerais non contemplados nas presentes bases e as referencias feitas ás bases xerais entenderanse referidas ás Bases Xerais que regulan a convocatoria de procesos selectivos para cubrir prazas vacantes de persoal funcionario e laboral no Concello de Redondela, que se publicaron no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) núm.: 50, do 13/03/2015, coas modificacións que se publicaron no BOPPO núm.: 77, do 22/04/2016, núm.: 25, do 08/02/2021 e núm.: 152, do 10/08/2022. As bases xerais refundidas están dispoñibles na páxina web do concello (<https://redondela.gal/gl/ayuntamiento/oferta-empleo-publico/>).

**Primeira-Número de prazas e características:**

Convócase UNHA praza de persoal funcionario de carreira denominada OFICIAL DE OBRAS E SERVIZOS, encadrada dentro da escala de Administración Especial, subescala de Servizos Especiais, clase Persoal de Oficios, categoría Oficial, integrada no grupo C, subgrupo C2 e incluída na Oferta de Emprego Público do ano 2023.

Esta praza está dotada coas retribucións básicas correspondentes ao seu grupo de titulación e as complementarias asignadas ao posto de traballo ao que se adscriba a praza.

A Relación de Postos de Traballo (RPT) do Concello de Redondela, que se aprobou definitivamente o 31/03/2015 (Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, núm.: 83, do 05/05/2015), recolle como misión principal deste posto a de realizar traballos de mantemento e reparación relacionados cos distintos oficios realizando tarefas propias dun/ha oficial de primeira e establece como funcións principais, sen prexuízo de futuras modificacións desta RPT, as seguintes:

- 1 Distribuír diariamente o traballo do persoal operario seguindo as directrices marcadas polo/a seu/súa superior xerárquico/a.
- 2 Supervisar os traballos realizados polo persoal operario dando conta o/á seu superior xerárquico/a.
- 3 Velar polo correcto mantemento e conservacións das vías e obras municipais dando conta á persoa responsable de calquera incidencia que poida xurdir.
- 4 Propoñer melloras de garantan unha maior eficacia e eficiencia do departamento de Vías e Obras.
- 5 Realizar tarefas de mantemento e conservación das vías e obras dentro do termo municipal que abrangue o concello.
- 6 Realizar a montaxe e a desmontaxe do material requirido para a organización de eventos, festas e actos culturais.
- 7 Coidar do perfecto estado da maquinaria e ferramentas necesarios para realizar o seu cometido.
- 8 Realizar calquera outra función, propia da súa categoría, que se considere necesaria para o correcto funcionamento do servizo adscrito.



Venres, 5 de decembro de 2025

Núm. 234

**Segunda-Sistema de selección:**

Establécese o sistema de oposición libre.

**Terceira-Requisitos das persoas aspirantes:**

Poderán solicitar tomar parte nesta convocatoria as persoas físicas que reúnan os seguintes requisitos:

- Estar en posesión do título de graduado en educación secundaria obrigatoria, do graduado escolar, formación profesional de primeiro grao ou equivalente ademais das condicións xerais sinaladas na base cuarta das bases xerais que regulan a convocatoria de procesos selectivos para cubrir prazas vacantes de persoal funcionario e laboral no Concello de Redondela.
- Estar en posesión, como mínimo, do permiso de conducir clase B en vigor e sen ningún tipo de privación e estar disposto/a a conducir vehículos desa categoría do xeito que lle sexa requirido/a para o desempeño do seu traballo.

**CUARTA-Exercicios da oposición:**

A oposición constará dos seguintes exercicios:

**Primeiro Exercicio:** De carácter obrigatorio e eliminatorio.

Consistirá en contestar por escrito a un cuestionario, tipo test, de 40 preguntas con respostas alternativas referidas ás materias contidas no temario da convocatoria durante un período de 50 minutos e determinado polo órgano de selección inmediatamente antes do inicio deste exercicio.

Neste exercicio cada resposta incorrecta penalizará a metade da puntuación de cada pregunta acertada, non puntuándose as non contestadas.

Este exercicio cualificarase de cero (0) a dez (10) puntos e será preciso acadar un mínimo de cinco (5) puntos para superalo.

O órgano de selección disporá os medios que estime oportunos para garantir o anonimato das persoas aspirantes na realización deste exercicio.

Facúltase ao órgano de selección para que poida poñer preguntas de reserva tipo test ata un máximo de catro, sen que implique a ampliación do tempo para a realización do exercicio. Estas preguntas substituirán, pola súa orde correlativa, a aquelas preguntas que, no seu caso, sexan obxecto de anulación despois da realización do exercicio.

**Segundo Exercicio:** De carácter obrigatorio e eliminatorio.

**Práctico:** Consistirá na realización dun ou varios supostos prácticos, de carácter manual, relacionados coas funcións a desenvolver e que se referirán, á libre elección do órgano de selección, aos cometidos propios do oficio previstos na RPT e sempre relacionados coa materia



Venres, 5 de decembro de 2025

Núm. 234

obxecto do temario específico no tempo que, dentro dun máximo de 45 minutos, estableza o órgano de selección en función da natureza da/s proba/s.

Este exercicio puntuarase de cero (0) a dez (10) puntos e será preciso acadar un mínimo de cinco (5) puntos para superalo.

**Terceiro Exercicio:** De carácter obrigatorio e eliminatorio.

Sobre coñecemento do galego para aquelas persoas aspirantes que non puidesen acreditar documentalmente que posúen o CELGA 3 ou equivalente.

Consistirá en traducir do castelán para o galego, sen axuda de dicionario e nun tempo máximo de trinta (30) minutos, un texto elixido polo órgano de selección inmediatamente antes do inicio do exercicio. A tradución será lida pola persoa aspirante diante do órgano de selección ao remate do exercicio.

Neste exercicio valorarase a corrección da tradución e a pronuncia da lingua galega.

A cualificación deste exercicio será de apto/a ou non apto/a.

#### QUINTA-TEMARIO DA CONVOCATORIA:

1. A Constitución de 1978. Principios básicos e estrutura. Dereitos e deberes fundamentais da cidadanía española.
2. O Réxime Local español. O municipio. Concepto e elementos. O termo municipal. A poboación. O/a Alcalde/sa, o Pleno e a Xunta de Goberno Local. Composición e funcionamento dos órganos do concello.
3. O persoal ao servizo do concello: Clases. Dereitos e deberes. Réxime de incompatibilidades.
4. O persoal ao servizo do concello: Situacións administrativas. Retribucións. Réxime disciplinario.
5. Igualdade efectiva de mulleres e homes. Normativa de referencia. Competencias da Administración Local.
6. A seguridade e saúde no traballo de oficial de Obras e Servizos. Medidas de prevención de riscos laborais e primeiros auxilios. Equipos de protección individual.
7. Instalacións e edificios municipais: Características dos recintos. A súa ubicación. Problemática do seu mantemento e conservación. Instalacións mínimas de protección contra incendios.
8. Ferramentas, uso e mantemento. Materiais de construción. Maquinaria de construción, tipoloxía, usos, mantemento, principais reparacións e traballos de albanería.
9. Movementos de terras. Nivelación. Interpretación de planos. Escalas.



Venres, 5 de decembro de 2025

Núm. 234

10. Replanteo de alicerces, muros e eixes de estrutura. Formigóns. Clases. Composición. Usos/utilidades. Preparacións. Aditivos. Morteiros. Clases. Composición. Usos/utilidades. Preparacións. Aditivos.
11. Construción de muros: Muros de bloque, cachotería e outros. Paredes de ladrillo e outras. Ladrillo tipo e medidas.
12. Cubertas e revestimentos: Replanteo de cubertas. Guarnechos. Estucados. Tella e lousa. Pavimentos e baldosas. Revestimentos de paredes e chans.
13. Escaleiras. Replanteo. Trazado. Banzos. Varandas. Coñecemento do proxecto de obra. Lectura de planos. Replanteos. Medición de superficies. Áreas, volumes. Manexo de nivel.
14. Estadas: Tipos. Elección. Condicións de seguridade.
15. Pavimentación de vías e estradas. Tipoloxía. Materiais de uso básico e habitual. Mantemento e reparacións.
16. Sinalización e validación da ocupación por obras de espazos, vías e estradas públicas. Actuacións e materiais básicos. Desvío do tráfico.
17. Preparación das superficies de soporte. Pinturas: Aplicación de Pinturas ao temple e plásticas. Pinturas para exteriores. Protección de edificios contra humidade.
18. Redes públicas/urbanas de abastecemento e saneamento de auga. Coñecementos e actuacións básicos de mantemento. Elementos que as compoñen. Arquetas. Sumidoiros. Pozos de Rexistro. Tubaxes; diámetros e materiais máis habituais. Incidencias/problemas máis frecuentes.
19. Carpintería, nocións básicas. Maquinaria e ferramentas de carpintería.
20. Cerraxería, nocións básicas. Materiais e ferramentas utilizados na soldadura e carpintería metálica: materiais planos, perfís, tubaxes e similares. Equipos de traballo a motor, pneumáticos e portátiles. Operacións de corte de pezas e perfís: métodos e maquinaria para a súa realización.

## *2 PRAZAS DE OFICIAL DE OBRAS E SERVIZOS (PROMOCIÓN INTERNA-OEP 2023):*

Os aspectos xerais non contemplados nas presentes bases e as referencias feitas ás bases xerais entenderanse referidas ás Bases Xerais que regulan a convocatoria de procesos selectivos para cubrir prazas vacantes de persoal funcionario e laboral no Concello de Redondela, que se publicaron no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) núm.: 50, do 13/03/2015, coas modificacións que se publicaron no BOPPO núm.: 77, do 22/04/2016, núm.: 25, do 08/02/2021 e núm.: 152, do 10/08/2022. As bases xerais refundidas están dispoñibles na páxina web do concello (<https://redondela.gal/gl/ayuntamiento/oferta-empelo-publico/>).



Venres, 5 de decembro de 2025

Núm. 234

**Primeira-Número de prazas e características:**

Convócanse DÚAS prazas de persoal funcionario de carreira denominadas OFICIAL DE OBRAS E SERVIZOS, encadradas dentro da escala de Administración Especial, subescala de Servizos Especiais, clase Persoal de Oficios, categoría Oficial, integradas no grupo C, subgrupo C2 e incluídas na Oferta de Emprego Público do ano 2023.

Estas prazas están dotadas coas retribucións básicas correspondentes ao seu grupo de titulación e as complementarias asignadas aos postos de traballos aos que se adscriban as prazas.

A Relación de Postos de Traballo (RPT) do Concello de Redondela, que se aprobou definitivamente o 31/03/2015 (Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, núm.: 83, do 05/05/2015), recolle como misión principal destes postos a de realizar traballos de mantemento e reparación relacionados cos distintos oficios realizando tarefas propias dun/ha oficial de primeira e establece como funcións principais, sen prexuízo de futuras modificacións desta RPT, as seguintes:

- 1 Distribuír diariamente o traballo do persoal operario seguindo as directrices marcadas polo/a seu/súa superior xerárquico/a.
- 2 Supervisar os traballos realizados polo persoal operario dando conta o/á seu superior xerárquico/a.
- 3 Velar polo correcto mantemento e conservacións das vías e obras municipais dando conta á persoa responsable de calquera incidencia que poida xurdir.
- 4 Propoñer melloras de garantan unha maior eficacia e eficiencia do departamento de Vías e Obras.
- 5 Realizar tarefas de mantemento e conservación das vías e obras dentro do termo municipal que abrangue o concello.
- 6 Realizar a montaxe e a desmontaxe do material requirido para a organización de eventos, festas e actos culturais.
- 7 Coidar do perfecto estado da maquinaria e ferramentas necesarios para realizar o seu cometido.
- 8 Realizar calquera outra función, propia da súa categoría, que se considere necesaria para o correcto funcionamento do servizo adscrito.

**Segunda-Sistema de selección:**

Establécese o de oposición libre, mediante o procedemento de promoción interna.



Venres, 5 de decembro de 2025

Núm. 234

**Tercera-Requisitos das persoas aspirantes:**

Poderán solicitar tomar parte nesta convocatoria as persoas físicas que reúnan os seguintes requisitos:

- Estar en posesión do título de graduado en educación secundaria obrigatoria, do graduado escolar, formación profesional de primeiro grao ou equivalente ademais das condicións xerais sinaladas na base cuarta das bases xerais que regulan a convocatoria de procesos selectivos para cubrir prazas vacantes de persoal funcionario e laboral no Concello de Redondela ou ter unha antigüidade de dez anos nun corpo ou escala equiparado a outras agrupacións profesionais sen requisito de titulación da función pública (Disposición adicional 6ª do Real decreto legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público).
- Estar en posesión, como mínimo, do permiso de conducir clase B en vigor e sen ningún tipo de privación e estar disposto/a a conducir vehículos desa categoría do xeito que lle sexa requirido/a para o desempeño do seu traballo.

Estas prazas da quenda de promoción interna resérvanse ao persoal funcionario de carreira ou persoal laboral fixo do Concello de Redondela, que conte cando menos, cunha antigüidade na situación de servizo activo na entidade convocante, de dous anos nunha praza equiparada a outras agrupacións profesionais sen requisito de titulación da función pública, categoría operario/a.

**Cuarta-Exercicios da oposición:**

A oposición constará dos seguintes exercicios:

**Primeiro Exercicio:** De carácter obrigatorio e eliminatorio.

Consistirá en contestar por escrito a un cuestionario, tipo test, de 30 preguntas, con respostas alternativas, referidas ás materias contidas no temario da convocatoria durante un período de 50 minutos e determinado polo órgano de selección inmediatamente antes do inicio deste exercicio.

Neste exercicio cada resposta incorrecta penalizará a metade da puntuación de cada pregunta acertada, non puntuándose as non contestadas.

Este exercicio cualificarase de cero (0) a dez (10) puntos e será preciso acadar un mínimo de cinco (5) puntos para superalo.

O órgano de selección disporá os medios que estime oportunos para garantir o anonimato das persoas aspirantes na realización deste exercicio.

Facúltase ao órgano de selección para que poida poñer preguntas de reserva tipo test ata un máximo de catro, sen que implique a ampliación do tempo para a realización do exercicio. Estas preguntas substituirán, pola súa orde correlativa, a aquelas preguntas que, no seu caso, sexan obxecto de anulación despois da realización do exercicio.



Venres, 5 de decembro de 2025

Núm. 234

**Segundo Exercicio:** De carácter obrigatorio e eliminatorio.

Práctico: Consistirá na realización dun ou varios supostos prácticos, de carácter manual, relacionados coas funcións a desenvolver e que se referirán, á libre elección do órgano de selección, aos cometidos propios do oficio previstos na RPT e sempre relacionados coa materia obxecto do temario específico no tempo que, dentro dun máximo de 45 minutos, estableza o órgano de selección en función da natureza da/s proba/s.

Este exercicio puntuarase de cero (0) a dez (10) puntos e será preciso acadar un mínimo de cinco (5) puntos para superalo.

#### QUINTA-TEMARIO DA CONVOCATORIA:

1. O persoal ao servizo do concello: Clases. Dereitos e deberes. Réxime de incompatibilidades.
2. O persoal ao servizo do concello: Situacións administrativas. Retribucións. Réxime disciplinario.
3. Igualdade efectiva de mulleres e homes. Normativa de referencia. Competencias da Administración Local.
4. Movementsos de terras. Nivelación. Interpretación de planos. Escalas.
5. Replanteo de alicerces, muros e eixes de estrutura. Formigóns. Clases. Composición. Usos/utilidades. Preparacións. Aditivos. Morteiros. Clases. Composición. Usos/utilidades. Preparacións. Aditivos.
6. Construción de muros: Muros de bloque, cachotería e outros. Paredes de ladrillo e outras. Ladrillo tipo e medidas.
7. Cubertas e revestimentos: Replanteo de cubertas. Guarnechos. Estucados. Tella e lousa. Pavimentos e baldosas. Revestimentos de paredes e chans.
8. Escaleiras. Replanteo. Trazado. Banzos. Varandas. Coñecemento do proxecto de obra. Lectura de planos. Replanteos. Medición de superficies. Áreas, volumes. Manexo de nivel. Estadas: Tipos. Elección. Condicións de seguridade.
9. Preparación das superficies de soporte. Pinturas: Aplicación de Pinturas ao temple e plásticas. Pinturas para exteriores. Protección de edificios contra humidade.
10. Redes públicas/urbanas de abastecemento e saneamento de auga. Coñecementos e actuacións básicos de mantemento. Elementos que as compoñen. Arquetas. Sumidoiros. Pozos de Rexistro. Tubaxes; diámetros e materiais máis habituais. Incidencias/problemas máis frecuentes.
11. Carpintería: nocións básicas.
12. Cerrallería: nocións básicas. Materiais e ferramentas utilizados na soldadura e carpintería metálica: materiais planos, perfís, tubaxes e similares. Equipos de traballo a motor, pneumáticos e portátiles. Operacións de corte de pezas e perfís: métodos e maquinaria para a súa realización.



Venres, 5 de decembro de 2025

Núm. 234

**1 PRAZA DE VIXIANTE DE OBRAS (QUENDA LIBRE-OEP 2023):**

Os aspectos xerais non contemplados nas presentes bases e as referencias feitas ás bases xerais entenderanse referidas ás Bases Xerais que regulan a convocatoria de procesos selectivos para cubrir prazas vacantes de persoal funcionario e laboral no Concello de Redondela, que se publicaron no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) núm.: 50, do 13/03/2015, coas modificacións que se publicaron no BOPPO núm.: 77, do 22/04/2016, núm.: 25, do 08/02/2021 e núm.: 152, do 10/08/2022. As bases xerais refundidas están dispoñibles na páxina web do concello (<https://redondela.gal/gl/ayuntamiento/oferta-empleo-publico/>).

**Primeira-Número de prazas e características:**

Convócase UNHA praza de persoal funcionario de carreira denominada VIXIANTE DE OBRAS, encadrada dentro da escala de Administración Especial, subescala de Servizos Especiais, clase Cometidos Especiais, categoría Vixiante, integrada no grupo C, subgrupo C2 e incluída na Oferta de Emprego Público do ano 2023.

Esta praza está dotada coas retribucións básicas correspondentes ao seu grupo de titulación e as complementarias asignadas ao posto de traballo ao que se adscriba a praza.

A Relación de Postos de Traballo (RPT) do Concello de Redondela, que se aprobou definitivamente o 31/03/2015 (Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, núm.: 83, do 05/05/2015), recolle como misión principal deste posto a de velar polo correcto cumprimento das ordenanzas, bandos e demais disposicións municipais dentro do ámbito da súa competencia e establece como funcións principais, sen prexuízo de futuras modificacións desta RPT, as seguintes:

- 1 Realizar tarefas de inspección de obras e departamentos.
- 2 Comprobación in situ das licenzas de actividades.
- 3 Redacción de informes de comprobación propios da súa categoría.
- 4 Realizar actas de comprobacións de patrimonio.
- 5 Velar polo correcto cumprimento das normativas municipais dando conta o/á seu/súa superior xerárquico/a de calquera incidencia que poida existir.
- 6 Coidar do perfecto estado da maquinaria e ferramentas necesarios para realizar o seu cometido.
- 7 Realizar calquera outra función, propia da súa categoría, que se considere necesaria para o correcto funcionamento do servizo adscrito.

**Segunda-Sistema de selección:**

Establécese o sistema de oposición libre.



Venres, 5 de decembro de 2025

Núm. 234

**Terceira-Requisitos das persoas aspirantes:**

Poderán solicitar tomar parte nesta convocatoria as persoas físicas que reúnan os seguintes requisitos:

- Estar en posesión do título de graduado en educación secundaria obrigatoria, do graduado escolar, formación profesional de primeiro grao ou equivalente ademais das condicións xerais sinaladas na base cuarta das bases xerais que regulan a convocatoria de procesos selectivos para cubrir prazas vacantes de persoal funcionario e laboral no Concello de Redondela.
- Estar en posesión, como mínimo, do permiso de conducir clase B en vigor e sen ningún tipo de privación e estar disposto/a a conducir vehículos desa categoría do xeito que lle sexa requirido/a para o desempeño do seu traballo.

**CUARTA-Exercicios da oposición:**

A oposición constará dos seguintes exercicios:

**Primeiro Exercicio:** De carácter obrigatorio e eliminatorio.

Consistirá en contestar por escrito a un cuestionario, tipo test, de 40 preguntas con respostas alternativas referidas ás materias contidas no temario da convocatoria durante un período de 50 minutos e determinado polo órgano de selección inmediatamente antes do inicio deste exercicio.

Neste exercicio cada resposta incorrecta penalizará a metade da puntuación de cada pregunta acertada, non puntuándose as non contestadas.

Este exercicio cualificarase de cero (0) a dez (10) puntos e será preciso acadar un mínimo de cinco (5) puntos para superalo.

O órgano de selección disporá os medios que estime oportunos para garantir o anonimato das persoas aspirantes na realización deste exercicio.

Facúltase ao órgano de selección para que poida poñer preguntas de reserva tipo test ata un máximo de catro, sen que implique a ampliación do tempo para a realización do exercicio. Estas preguntas substituirán, pola súa orde correlativa, a aquelas preguntas que, no seu caso, sexan obxecto de anulación despois da realización do exercicio.

**Segundo Exercicio:** De carácter obrigatorio e eliminatorio.

**Práctico:** Consistirá na realización dun ou varios supostos prácticos relacionados coas funcións a desenvolver e que se referirán, á libre elección do órgano de selección, aos cometidos propios do oficio previstos na RPT e sempre relacionados coa materia obxecto do temario específico no tempo que, dentro dun máximo de 45 minutos, estableza o órgano de selección en función da natureza da/s proba/s.

Este exercicio puntuarase de cero (0) a dez (10) puntos e será preciso acadar un mínimo de cinco (5) puntos para superalo.



Venres, 5 de decembro de 2025

Núm. 234

**Terceiro Exercicio:** De carácter obrigatorio e eliminatorio.

Sobre coñecemento do galego para aquelas persoas aspirantes que non puidesen acreditar documentalmente que posúen o CELGA 3 ou equivalente.

Consistirá en traducir do castelán para o galego, sen axuda de dicionario e nun tempo máximo de trinta (30) minutos, un texto elixido polo órgano de selección inmediatamente antes do inicio do exercicio. A tradución será lida pola persoa aspirante diante do órgano de selección ao remate do exercicio.

Neste exercicio valorarase a corrección da tradución e a pronuncia da lingua galega.

A cualificación deste exercicio será de apto/a ou non apto/a.

#### **QUINTA-TEMARIO DA CONVOCATORIA:**

1. A Constitución de 1978. Principios básicos e estrutura. Dereitos e deberes fundamentais da cidadanía española.
2. O Réxime Local español. O municipio. Concepto e elementos. O termo municipal. A poboación. O/a Alcalde/sa, o Pleno e a Xunta de Goberno Local. Composición e funcionamento dos órganos do concello.
3. O persoal ao servizo do concello: Clases. Dereitos e deberes. Réxime de incompatibilidades. Situacións administrativas. Retribucións. Réxime disciplinario.
4. Igualdade efectiva de mulleres e homes. Normativa de referencia. Competencias da Administración Local.
5. Seguridade e saúde no traballo de vixiante de Obras. Medidas de prevención de riscos laborais e primeiros auxilios. Equipos de protección individual.
6. O marco constitucional do urbanismo. As competencias do Estado, das Comunidades Autónomas e dos municipios en materia de ordenación do territorio e urbanismo.
7. O territorio do municipio de Redondela. Características poboacionais, socio-económicas e territoriais. O seu desenvolvemento urbanístico e perspectivas de futuro. Os núcleos rurais.
8. Principios xerais da ordenación urbanística. O réxime urbanístico da propiedade do solo: Principios xerais e clasificación.
9. A normativa galega do solo. Nocións xerais da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, do Regulamento da Lei do Solo de Galicia e do Plan Básico Autonómico.
10. Réxime do solo urbano, núcleo rural, urbanizable e rústico na lexislación galega.
11. Os instrumentos de ordenación territorial na Lei do Solo de Galicia: Planes xerais e planeamento de desenvolvemento. Elaboración e aprobación.
12. Intervención na edificación e uso do solo. Títulos habilitantes de natureza urbanística. A licenza urbanística: concepto e actos suxeitos a licenza. Procedemento para o seu



Venres, 5 de decembro de 2025

Núm. 234

- outorgamento. As comunicacións previas: Definición e actos suxeitos a comunicación previa.
13. Prazos para a execución de obras amparadas en licenzas urbanísticas e en comunicacións previas. Caducidade. Prórroga.
  14. As parcelacións urbanísticas. Réxime de parcelacións e división de terreos. División e segregación de terreos en solo rústico.
  15. O deber de conservación. Procedemento para ditar orde de execución. declaración de ruína. A declaración de ruína. Supostos. Procedemento de declaración de ruína.
  16. A inspección urbanística. Actas de inspección. Concepto. Contido das actas de inspección.
  17. A disciplina urbanística. A protección da legalidade urbanística. Procedemento. Obras en curso de execución e obras terminadas. A caducidade da acción da restauración da legalidade urbanística. Infraccións e sancións. Definición e tipificación. Responsables. Sancións. Regras para establecer a contía das sancións. O procedemento sancionador. Prazos de prescrición.
  18. O planeamento urbanístico vixente no Concello de Redondela. Criterios xerais. O solo rústico. Réxime, categorías e condicións de uso. O patrimonio cultural. Medidas de protección.
  19. Tipoloxía das construcións segundo o planeamento de Redondela. Normas de obrigada observancia en relación a vivendas, edificios auxiliares á vivenda, industriais, cercados, rótulos, toldos e marquesinas.
  20. Condicións das obras en relación ás vías públicas. A protección das vías de circulación. Normas de aplicación directa. Usos e obras provisionais. Os edificios fóra de ordenación.

### *1 PRAZA DE OPERARIO/A DE XARDÍNS (QUENDA LIBRE-OEP 2024):*

Os aspectos xerais non contemplados nas presentes bases e as referencias feitas ás bases xerais entenderanse referidas ás Bases Xerais que regulan a convocatoria de procesos selectivos para cubrir prazas vacantes de persoal funcionario e laboral no Concello de Redondela, que se publicaron no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) núm.: 50, do 13/03/2015, coas modificacións que se publicaron no BOPPO núm.: 77, do 22/04/2016, núm.: 25, do 08/02/2021 e núm.: 152, do 10/08/2022. As bases xerais refundidas están dispoñibles na páxina web do concello (<https://redondela.gal/gl/ayuntamiento/oferta-empleo-publico/>).

### **Primeira-Número de prazas e características:**

Convócase UNHA praza de persoal laboral fixo denominada OPERARIO/A DE XARDÍNS, equiparada a outras agrupacións profesionais sen requisito de titulación da función pública (Disposición adicional 6ª do Real decreto legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se



Venres, 5 de decembro de 2025

Núm. 234

aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público), categoría operario/a e incluída na Oferta de Emprego Público do ano 2024.

Esta praza está dotada coas retribucións básicas correspondentes ao seu grupo de titulación e as complementarias asignadas ao posto de traballo ao que se adscriba a praza.

A Relación de Postos de Traballo (RPT) do Concello de Redondela, que se aprobou definitivamente o 31/03/2015 (Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, núm.: 83, do 05/05/2015), recolle como misión principal deste posto a de realizar tarefas de limpeza, mantemento e conservación de parques e xardíns e establece como funcións principais, sen prexuízo de futuras modificacións desta RPT, as seguintes:

- 1 Realizar traballos de xardinaría tipo manual (abono, plantación, rega, poda, limpeza, aplicación de produtos fitosanitarios).
- 2 Manexar maquinaria sinxela necesaria para o correcto desempeño do posto.
- 3 Realizar traballo de poda en altura sempre e cando reúna a formación necesaria para elo.
- 4 Realizar operacións de carga e descarga de material.
- 5 Vixiar e controlar o bo estado dos parques e xardíns dando conta ao/á seu/súa responsable de calquera incidencia que poida existir.
- 6 Coidar do perfecto estado da maquinaria e ferramentas propias que se precisa para realizar o seu cometido realizando un mantemento básico e preventivo.
- 7 Realizar calquera outra función, propia da súa categoría, que se considere necesaria para o correcto funcionamento do servizo adscrito.

### **Segunda-Sistema de selección:**

Establécese o sistema de oposición libre.

### **Terceira-Requisitos das persoas aspirantes:**

Poderán solicitar tomar parte nesta convocatoria as persoas físicas que reúnan os seguintes requisitos:

- Sen requisito de titulación, segundo a disposición adicional 6.<sup>a</sup> do Real decreto legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público ademais das condicións xerais sinaladas na base cuarta das bases xerais que regulan a convocatoria de procesos selectivos para cubrir prazas vacantes de persoal funcionario e laboral no Concello de Redondela.
- Estar en posesión, como mínimo, do permiso de conducir clase B en vigor e sen ningún tipo de privación e estar disposto/a a conducir vehículos desa categoría do xeito que lle sexa requirido/a para o desempeño do seu traballo.



Venres, 5 de decembro de 2025

Núm. 234

#### **CUARTA-EXERCICIOS DA OPOSICIÓN:**

A fase de oposición constará dos seguintes exercicios:

**Primeiro Exercicio:** De carácter obrigatorio e eliminatorio.

Consistirá en contestar por escrito a un cuestionario, tipo test, de 20 preguntas con respostas alternativas referidas ás materias contidas no temario da convocatoria durante un período de 30 minutos e determinado polo órgano de selección inmediatamente antes do inicio deste exercicio.

Neste exercicio cada resposta incorrecta penalizará a metade da puntuación de cada pregunta acertada, non puntuándose as non contestadas.

Este exercicio puntuarase de cero (0) a dez (10) puntos e será preciso acadar un mínimo de cinco (5) puntos para superalo.

O órgano de selección disporá os medios que estime oportunos para garantir o anonimato das persoas aspirantes na realización deste exercicio.

Facúltase ao órgano de selección para que poida poñer preguntas de reserva tipo test ata un máximo de catro, sen que implique a ampliación do tempo para a realización do exercicio. Estas preguntas substituirán, pola súa orde correlativa, a aquelas preguntas que, no seu caso, sexan obxecto de anulación despois da realización do exercicio.

**Segundo Exercicio:** De carácter obrigatorio e eliminatorio.

Práctico. Consistirá na realización dun ou varios supostos prácticos, de carácter manual, relacionados coas funcións a desenvolver e que se referirán, á libre elección do órgano de selección, aos cometidos propios do oficio previstos na RPT e sempre relacionados coa materia obxecto do temario específico no tempo que, dentro dun máximo de 45 minutos, estableza o órgano de selección en función da natureza da/s proba/s.

Este exercicio puntuarase de cero (0) a dez (10) puntos e para aprobar será preciso acadar un mínimo de cinco (5) puntos.

**Terceiro Exercicio:** De carácter obrigatorio e eliminatorio.

Sobre coñecemento do galego para aquelas persoas aspirantes que non puidesen acreditar documentalmente que posúen o CELGA 2 ou equivalente.

Consistirá en traducir do castelán para o galego, sen axuda de dicionario e nun tempo máximo de trinta (30) minutos, un texto elixido polo órgano de selección inmediatamente antes do inicio do exercicio. A tradución será lida pola persoa aspirante diante do órgano de selección ao remate do exercicio.

Neste exercicio valorarase a corrección da tradución e a pronuncia da lingua galega.

A cualificación deste exercicio será de apto/a ou non apto/a.



Venres, 5 de decembro de 2025

Núm. 234

**QUINTA-TEMARIO DA CONVOCATORIA:**

1. A Constitución de 1978. Principios básicos e estrutura. Dereitos e deberes fundamentais da cidadanía española.
2. O Réxime Local español. O municipio. Concepto e elementos. O termo municipal. A poboación. O/a Alcalde/sa, o Pleno e a Xunta de Goberno Local. Composición e funcionamento dos órganos do concello.
3. O persoal ao servizo do concello: Clases. Dereitos e deberes. Réxime disciplinario.
4. Igualdade efectiva de mulleres e homes. Normativa de referencia. Competencias da Administración Local.
5. A seguridade e saúde no traballo de operario/a de Xardíns. Medidas de prevención de riscos laborais e primeiros auxilios. Equipos de protección individual.
6. Maquinaria, útiles e ferramentas máis usadas na xardinaría. Condicións de seguridade das ferramentas manuais e escaleiras.
7. Anatomía e tipos de plantas. Concepto de planta ornamental. Árbores, arbustos e plantas de temporada. Pragmas e enfermidades máis frecuentes. Aplicación de produtos fitosanitarios e fertilizantes. Abonos. Concepto de insecticidas, funxicidas e herbicidas.
8. Poda e cirurxía arbórea e de arbustos. Ferramentas de poda e enxertos.
9. O solo: Elementos físicos que o compoñen. Clases de solo e a súa preparación: explanación, rastrillado, aplicación de correctores, fertilización, areado...etc
10. Diferentes tipos de rega. Regas en xardíns e xardineiras.

**- FUNCIONAMENTO DA LISTA DE RESERVA:**

As persoas opositoras que superen algún dos exercicios da oposición, incluíranse, de oficio, nunha lista de reserva para cubrir necesidades de emprego de carácter temporal.

Incluíranse na lista de reserva, en primeiro termo, ás persoas que superasen todos os exercicios da oposición e non obteñan praza, segundo a mesma orde de puntuación que obtivesen na oposición.

A lista completárase con aquelas persoas aspirantes que superasen todos os exercicios obrigatorios e eliminatorios da oposición agás o último, segundo a orde de puntuación que obtivesen sumando todas as puntuacións obtidas nos exercicios realizados ata o momento en que resultaran eliminadas do proceso selectivo e así consecutivamente ata chegar ao primeiro exercicio.

No suposto de empate nas puntuacións de dous ou máis aspirantes a incluír na lista de reserva, este resolverase tendo en conta a maior puntuación obtida no primeiro exercicio e se isto non fose abondo, pola puntuación obtida nos sucesivos exercicios ata que o empate se resolva.



Venres, 5 de decembro de 2025

Núm. 234

De persistir o empate, este resolverase mediante sorteo público cuxa realización se anunciará sinalando o lugar, día e hora da súa celebración, mediante anuncio que se publicará, cunha antelación mínima de 24 horas, na sede electrónica, na páxina web ([www.redondela.gal](http://www.redondela.gal), no apartado de Emprego Público, persoal funcionario ou laboral fixo) e no taboleiro de anuncios do concello.

Esta lista estará en vigor ata que se realice un novo proceso selectivo para prover en propiedade ou de forma temporal os postos correspondentes ás categorías das que se trate e, en todo caso, por un prazo máximo de 5 anos.

Cando sexa necesario realizar un chamamento, ofertarase á primeira persoa da lista por orde de puntuación, comunicándoselle por correo electrónico e dándolle un prazo de 48 horas para que acepte ou renuncie por escrito ao ofertado. Así mesmo, o concello tentará comunicarse coa persoa aspirante por teléfono coa finalidade de acurtar os prazos. Se non contestase no prazo de 48 horas, isto equivalerá á renuncia ao ofertado e procederase a chamar á seguinte persoa da lista.

En caso de urxencia para a cobertura do posto, o concello poderá remitir un correo electrónico simultaneamente a todas as persoas que constitúen a lista de reserva, comunicando as condicións do chamamento para que, no prazo de 48 horas, acepten ou renuncien por escrito ao ofertado.

En todo caso, respectarase a orde de puntuación da lista de reserva, formalizándose o correspondente nomeamento/contrato coa persoa aspirante que, en base ás aceptacións ou renuncias presentadas, ocupe o posto máis alto da lista.

Ao rematar o período do/a nomeamento/contratación, a persoa aspirante recuperará o seu lugar inicial na lista de reserva, de xeito que poida ser chamada para un novo nomeamento/contrato.

Non se realizarán novos chamamentos á persoa nomeada/contratada a través da lista de reserva ata que non transcorran dous meses dende a data de inicio do/a nomeamento/contratación. Se finaliza o nomeamento/contrato antes de dous meses, estarase ao disposto no parágrafo anterior.

#### - RENUNCIAS:

Con carácter xeral, a renuncia ou a non contestación, por escrito ou telefonicamente, á oferta de traballo dará lugar ás seguintes medidas:

- Primeira renuncia ou non contestación: Seis meses de exclusión.
- Segunda renuncia ou contestación: Exclusión definitiva da bolsa.



Venres, 5 de decembro de 2025

Núm. 234

A renuncia non será causa de exclusión da lista, nin temporal nin definitiva, cando se acredite de maneira inequívoca que no momento do chamamento, se atopa nalgunha das seguintes situacións:

- Atoparse en situación de incapacidade temporal con, polo menos, dous días hábiles de antelación.
- Ter unha relación laboral ou funcionarial vixente ou ser traballador/a autónomo/a.
- Exercer o coidado directo dun/a fillo/a menor de doce anos, dunha persoa maior que requira especial dedicación ou dunha persoa con diversidade funcional.

As persoas que renuncien ao chamamento deberán presentar unha instancia ou correo electrónico ao enderezo: [persoal@redondela.gal](mailto:persoal@redondela.gal), no/a que manifesten expresamente a súa renuncia e os motivos polos que, de ser o caso, non deben ser excluídas nin temporal nin definitivamente da lista de reserva. Para estes efectos deberá achegar, como mínimo e segundo corresponda, a seguinte documentación: Parte de baixa médica; unha vida laboral actualizada xunto co nomeamento, contrato de traballo vixente ou alta de traballador/a no réxime especial de traballadores/as autónomos/as; libro de familia, xustificante de convivencia, certificado da diversidade funcional; calquera outra documentación que acredite estas circunstancias.

As persoas que sexan chamadas e que dean a súa conformidade ao nomeamento/contratación terán que presentar, no prazo máximo de dous (2) días hábiles contados a partir do día en que manifesten a conformidade, a seguinte documentación xunto cos orixinais, no seu caso, referida esta sempre á data de expiración do prazo de presentación de instancias:

a) Documento nacional de identidade, en vigor ou a tarxeta acreditativa da súa identidade, en vigor, expedida polas autoridades competentes no caso de cidadáns/ás comunitarios/as.

b) Número de afiliación á Seguridade Social.

c) Titulación requirida nas bases (No seu caso).

d) Carné de conducir, clase B, en vigor (No seu caso).

e) Certificado do Celga ou equivalente debidamente homologado polo órgano competente en materia de política lingüística da Xunta de Galicia.

f) Certificado ou informe médico oficial no que se faga constar que reúne as condicións físicas e sanitarias necesarias para o desenvolvemento das tarefas obxecto da convocatoria (de non conseguir no prazo indicado o documento médico, a persoa aspirante deberá presentar no prazo indicado xustificante da cita médica e posteriormente o citado documento médico acreditativo).

g) Certificado/xustificante do número de conta bancaria do que sexa titular.

h) Declaración responsable de que non foi separado/da, mediante expediente disciplinario do servizo do Estado, das Comunidades Autónomas nin entidades locais, nin de que está inhabilitado/dá para o exercicio de funcións públicas.



Venres, 5 de decembro de 2025

Núm. 234

A persoa que non presente a documentación no prazo indicado, salvo os casos de forza maior ou cando se deduza que carece dalgún dos requisitos establecidos, non poderá ser nomeada/contratada.

Redondela, 26 de novembro de 2025.

a alcaldesa, Digna Rosa Rivas Gómez.

